

**RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 25 DE ABRIL DE 2013**

**LICENZAS**

**LIC/1023/2012.- SOUTO CANEDA CONSTRUCCIONES, SL.-** Conceder licenza para reparación de conducto de gases na rúa do Vilar, 54.

**LIC/320/2013.- FUNDACION CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.-** Conceder licenza para restauración de cuberta e balconada do edificio claustral da Catedral na Praza do Obradoiro.

**LIC/1047/2012.- JOSE SEOANE PENA.-** Conceder licenza para rehabilitación de edificación para vivenda na rúa de San Pedro, 124.

**LIC/28/2010.- ELISA ALCOBRE BARREIRO.-** Modificación da licenza outorgada na Xunta de Goberno Local na sesión do día 29 de xuño de 2010.

**LEGALIZACIÓNS**

**LAP/36/2013.-TELEFONICA MOVILES ESPAÑA,SA.-**Conceder autorización para legalización de instalación e actividade da estación base de telefonía móbil sita na vía Edison, 1.

**LAP/10/2010.- FRANCE TELECOM ESPAÑA.-** Denegar legalización de instalación de estación base de telecomunicacións na rúa do Restollal, 50.

**RECURSO DE REPOSICION**

**LAP/442/2006.- TELEFONICA MOVILES ESPAÑA.-** Desestimar o recurso de reposición interposto contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 3 de xaneiro de 2013.

**LIC/1349/2012.- LUIS PEÓN RAVIÑA.-** Estimar parcialmente o recurso de reposición interposto contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 4 de outubro de 2013.

**PROPOSTA DE MODIFICACIÓN E AMPLIACIÓN DOS MODELOS DE COMUNICACIÓN DE ACTIVIDADES E OBRAS.**

**DEVOLUCIÓNS DE FIANZA**

**LIC/483/2013.- PORTAS E AUTOMATISMOS DE GALICIA, SL...LIC/1842/2003...1.200 €**

**4.- Proposta relativa á modificación e ampliación dos modelos de comunicación de actividades e obras.**

Apróbase a proposta.

**5.- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade relativa ao inicio dos trámites para a incorporación no ano 2013 dun novo taxi accesible en cumprimento do acordo da Xunta de Goberno Local do 11.11.2008 segundo o disposto no artigo 8 do R.D. 1544/2007, do 23 de novembro.**

Apróbase a proposta.

**6.- Proposta da concelleira delegada de Emprego, Comercio, Turismo e Mercados, relativa á aprobación da memoria, orzamento detallado de actividades e calendario previsto de execución do Plan de Competitividade Turística 2013 e solicitude de subvención para o seu financiamento á Deputación Provincial da Coruña.**

A XGL aprobou a proposta a instancia da concelleira de Turismo para levar a cabo estas accións. Para isto, a Deputación achegará 115.000 € e o Concello 28.750 €

**7.- Proposta da concelleira delgada de Ecomomía, Comercio, Turismo e Mercados, relativa á encomenda a INCOLSA da xestión do Plan de Competitividade Turística, e autorización do gasto.**

Aprobouse autorizar o gasto de 28.750 € con cargo os orzamentos 2013 do Concello, así como autorizar a encomenda de xestión do Plan de Competitivide Turística á Empresa Municipal INCOLSA. Aprobase tamén solicitar á Deputación a autorización para a encomenda de xestión para que esta administración de o visto e praxe a esta iniciativa.

**8.- Proposta das concelleiras delegadas de Normalización Lingüística e de Educación relativa a aprobación do programa para a celebración do Día das Letras Galegas "En galego con todas as letras".**

Apróbase a proposta.

**9.- Designación membro para valoración das ofertas presentadas á licitación da Xestión do servizo das escolas infantís municipais de CONXO e FONTIÑAS.**

Apróbase a proposta.

**10.- Proposta da concelleira delegada de Persoal e Réxime Interior relativa á modificación da composición do Comité de Seguridade e Saúde Laboral do Concello.**

Apróbase a proposta.

**11.- Proposta do concelleiro delegado de Festas relativa á aprobación da memoria das festas da Ascensión 2013.**

A XGL aprobou a memoria das Festas da Ascensión cun contido que en parte xa adiantou o Concelleiro de Festas e que se completará a semana que ven coa presentación do programa completo.

**12.- Proposta do concelleiro delegado de Centros Socioculturais relativa á prórroga do contrato de aluguer do local situado na rúa Santa Cristina nº 22 e utilizado polo Concello como centro sociocultural no Casco Histórico.**

Aprobouse prorrogar o contrato de aluguer deste local polo prazo dun ano por un importe de 11.445,84 €. Ademais páctase co propietario non revisar o IPC e acórdase a posibilidade de rescindir o contrato antes do ano cun preaviso de 3 meses.

**13.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela e o Concello de Santiago para a realización do espectáculo "Fogos do Apóstolo 2013.**

Deuse conta da firma deste Convenio entre o Concello e o Consorcio de Santiago de Compostela para a colaboración no financiamento dos gastos ocasionados pola realización do espectáculo dos Fogos do Apóstolo 2013. A aportación do Consorcio será de 200.000 €, que servirán para facer fronte ao deseño, produción, montaxe e realización do espectáculo nocturno das Festa do Apóstolo 2013 a realizar os días 24 e 31.

**14.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela e o Concello de Santiago para o financiamento de actuacións en sinalización turística.**

Deuse conta tamén da firma deste convenio entre o Concello e o Consorcio de Santiago de Compostela para establecer as bases de colaboración entre no financiamento das actuacións de sinalización turística urbana de Santiago de Compostela. A colaboración do Consorcio para o Plan de Sinalización que levará a cabo o Concello é de 21.000 € para execución das actuacións, ampliación, actualización e redecoración da sinalización hoteleira urbana con 17.950 €, e renovación dos paneis informativos dos recursos e puntos de información (3.050 €).

**15.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela e o Concello de Santiago para a celebración do festival de Músicas Contemplativas 2013.**

Dáse conta da firma doutro convenio co Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela para a colaboración entre os asinantes para a realización do VII Festival de Músicas Contemplativas 2013. O importe que o Consorcio destina a este programa é de 88.000 €.

**16.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela e o Concello de Santiago para a realización do proxecto "Entorno do Muralla".**

Deuse conta da firma deste Convenio entre o Concello e o Consorcio de Santiago de Compostela para realizar o proxecto Entorno da Muralla de Santiago de Compostela e terá un presuposto de 13.000 €.

**17.- Dar conta da sinatura da addenda ao convenio de colaboración entre o Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela e o Concello de Santiago de xestión do complexo deportivo "Fontes do Sar".**

Dase conta á XGL da addenda ao Convenio asinado polo Concello e o Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela o 19 de maio do 2000, quedando despois desta addenda a cláusula quinta do convenio coa seguinte redacción: “O Concello de Santiago de Compostela faise cargo do mantemento do mesmo, asumindo con cargo aos seus orzamentos os gastos que disto se deriven e asumirá o pago de cantos tributos, graven ou poidan gravar o inmovible ou as citadas actividades, incluíndo o Imposto sobre Bens Inmобles”.

## **URXENCIAS**

1.- Inicio do expediente de contratación do servizo de mantemento da infraestrutura integral da rede de telecomunicacións do Concello cun tipo de licitación de 36.033,08 euros/ano.

2.- Inicio do expediente de contratación do servizo de actualización e mantemento do Observatorio Urbano Socioeconómico do Concello cun tipo de licitación de 14.000 euros sen IVE.

3.- Apróbase o inicio do expediente para a subministración de consumibles cun tipo de licitación de 25.695,88 euros /ano sen IVE.

4.- Dáse conta da posta a disposición da Xunta da explanada de Salgueiriños.

5.- Adxudícanse as obras da travesa de San Paio de Antealtares á empresa PROXECTA SL por importe de 40.547,20 euros (IVE incluído).